

Eutropius “Breviarium” - LIBER OCTAVUS

[11] Post eum M. Antoninus solus rem publicam tenuit, vir

Despois deste gobernou o estado en solitario Marco Antonino, home

quem mirari facilius quis quam laudare possit. A principio

ao que máis facilmente se podería admirar que loar. Dende o principio

vitae tranquillissimus, adeo ut ex infantia quoque vultum

da súa vida moi sereno, ata tal punto que dende a súa infancia

nec ex gaudio nec ex maerore mutaverit. Philosophiae

non mudou a expresión do seu rostro, nin por ledicia nin por tristeza.

deditus Stoicae, ipse etiam non solum vitae moribus, sed

Dedicado á filosofía estoica, el mesmo foi tamén un filósofo, non só

etiam eruditione philosophus. Tanta admirationis adhuc

pola súa forma de vida, senón tamén pola súa erudición. Despertou tanta

iuvenis, ut eum successorem paraverit Hadrianus relinquere,

admiración cando aínda era un rapaz, que Hadrián proxectou deixalo como sucesor,

adoptato tamen Antonino Pio generum ei idcirco esse

Porén, tendo adoptado xa a Antonio Pío, quixo entón que

voluerit, ut hoc ordine ad imperium perveniret.

se convertese en xenro deste, para que, con este amaño, chegase ao poder.

[12] Institutus est ad philosophiam per Apollonium

Foi instruído en filosofía por Apolonio de Calcedonia,

Chalcedonium, ad scientiam litterarum Graecarum per

en literatura grega por Sexto de Queronea,

Sextus Chaeronensem, Plutarchi nepotem; Latinas autem

neto de Plutarco; a literatura latina, en cambio, ensinoulla

eum litteras Fronto, orator nobilissimus, docuit. Hic cum

Frontón, famosísimo orador. Con todos en Roma tivo este

omnibus Romae aequo iure egit, ad nullam insolentiam

un trato de igual a igual, e non deu nunca mostras de insolencia

elatus est imperii fastigio; liberalitatis promptissimae.

polo rango do seu cargo; foi dunha xenerosidade sen límite.

Provincias ingenti benignitate et moderatione tractavit.

Tratou ás provincias con gran benignidade e moderación.

Contra Germanos eo principe res feliciter gestae sunt.

Sendo el emperador, realizáronse con éxito campañas contra os xermanos.

Bellum ipse unum gessit Marcomannicum, sed quantum

A única guerra que dirixiu el mesmo foi a guerra contra os Marcomanos, pero

nulla memoria fuit, adeo ut Punicis conferatur. Nam eo

pero de tal importancia como nunca houbo outra, ata tal punto que ben podería compararse coas guerras Púnicas, pois resultou máis dura por isto,

gravius est factum, quod universi exercitus Romani

porque todos os exércitos romanos pereceran,

perierant. Sub hoc enim tantus casus pestilentiae fuit, ut

xa que, baixo o seu reinado, houbo unha epidemia de peste tan grande que,

post victoriam Persicam Romae ac per Italiam

trala victoria sobre Persia, en Roma, ao longo de Italia e as provincias,

provinciasque maxima hominum pars, militum omnes fere

morreran desta doenza un gran número de personas

copiae languore defecerint.

e case todos os soldados das tropas.

[13] Ingenti ergo labore et moderatione, cum apud

Con gran esforzo e moderación, tras ter pasado tres anos en Carnunto

Carnuntum iugi triennio perseverasset, bellum

para sometelos, puxo fin á guerra marcománica,

Marcomannicum confecit, quod cum his Quadi, Vandali,

que, xunto con estes, provocaran os Cuados, os Vándalos,

Sarmatae, Suevi atque omnis barbaria commoverat, multa

os Sármatas, os Suevos e todos os bárbaros. Matou a moitos miles de

hominum milia interfecit, ac Pannoniis servitio liberatis

homes e, tras liberar da escravitude aos habitantes de Panonia,

Romae rursus cum Commodo Antonino, filio suo, quem

celebrou de novo o triunfo en Roma con Cómodo Antonino, o seu fillo,

iam Caesarem fecerat, triumphavit.

ao que xa fixera César.

Caesar “De bello gallico” - LIBER SEXTVS - XIII

[13] In omni Gallia eorum hominum, qui aliquo sunt numero atque

En toda a Galia hai dúas clases sociais coas que se pode contar e que son tidas en consideración.

honore, genera sunt duo. Nam plebes paene servorum habetur loco,

Pois a xente do pobo ocupa case o lugar dos escravos, e non se atreve

quae nihil audet per se, nullo adhibetur consilio. Plerique, cum aut

a facer nada por se mesma, e non é admitida en ningún consello. E a maioría,

aere alieno aut magnitudine tributorum aut iniuria potentiorum

cando están oprimidos polas débedas ou pola carga excesiva dos tributos ou polas afrentas dos poderosos,

premuntur, sese in servitatem dicant nobilibus: in hos eadem omnia

fanse escravos dos nobres: con eles rexen todas as mesmas leis

sunt iura, quae dominis in servos. Sed de his duobus generibus

que as dos amos cos escravos. Destas dúas clases unha é

alterum est druidum, alterum equitum. Illi rebus divinis intersunt,

a dos druidas e a outra a dos cabaleiros. Aqueles ofician o culto dos deuses,

sacrificia publica ac privata procurant, religiones interpretantur: ad
*ocúpanse dos sacrificios públicos e privados, e interpretan as cuestións
relixiosas:*

hos magnus adulescentium numerus disciplinae causa concurrat,
a eles concorre un gran número de xoves para a súa instrución,

magnaque hi sunt apud eos honore. Nam fere de omnibus

e son tidos en gran consideración entre eles. Pois resolven case todos

controversiis publicis privatisque constituunt, et, si quod est

os pleitos, tanto públicos como privados, e tanto se se comete un crime,

admissum facinus, si caedes facta, si de hereditate, de finibus

ou se produce un asasinato, ou se o pleito é sobre unha herdanza

controversia est, idem decernunt, praemia poenasque constituunt; si

*ou sobre unhas lindes, son eles os que se pronuncian e fixan compensacións e
multas;*

qui aut privatus aut populus eorum decreto non stetit, sacrificiis

e se alguén, a título público ou privado, non acata o seu veredicto, é

interdicunt. Haec poena apud eos est gravissima. Quibus ita est

excluído dos sacrificios. Este castigo é o máis grave para eles. E os que

interdictum, hi numero impiorum ac sceleratorum habentur, his omnes

sofren esta exclusión cóntanse como impíos e criminais,

decedunt, aditum sermonemque defugiunt, ne quid ex contagione
a estes todos os evitan, e escapan da súa compañía e da súa conversa, para non
incommodi accipiant, neque his petentibus ius redditur neque honos
sufrir ningún mal por contaxio, e se reclaman á xustiza

ullus communicatur. His autem omnibus druidibus praeest unus, qui
non se lles atende e non se lles permite exercer ningún cargo público. Entre
summam inter eos habet auctoritatem. Hoc mortuo aut si qui ex
todos os Druídas sobresaen un, que ten a máis grande autoridade entre eles.

reliquis excellit dignitate succedit, aut, si sunt plures pares, suffragio

Cando este morre sucédeo o que aventaxa aos demais en dignidade, ou,

druidum, nonnumquam etiam armis de principatu contendunt. Hi

se están moitos parellos, compiten polo liderazgo mediante votación e algunha
vez tamén coas armas.

certo anni tempore in finibus Carnutum, quae regio totius Galliae
media habetur, considunt in loco consecrato.

Estes, en certa época do ano, no país dos Carnutos, rexión considerada como
o centro da Galia, congréganse nun lugar sagrado.

Huc omnes undique, qui controversias habent, conveniunt eorumque decretis iudiciisque parent.

Alí, chegados de todas partes, todos os que teñen pleitos pendentos póñense de acordo e obedecen os seus decretos e decisións.

Cicero - Pro Caelio

páx 23 -- [31] [...] Res est omnis in hac causa nobis, iudices, cum Clodia, muliere non solum nobili, sed etiam nota; de qua ego nihil dicam nisi depellendi criminis causa.

Para nós, xuíces, todo nesta causa ten que ver con Clodia, que non só é unha muller de clase alta, senón tamén unha muller coñecida, da que non direi nada que non sexa para rexeitar esta acusación.

[32] Sed intellegis pro tua praestanti prudentia, Cn. Domiti, cum hac sola rem esse nobis.

Pero comprenderás, dada a túa gran prudencia, Cneo Domitio, que, polo que a nós respecta, este asunto ten que ver únicamente con esta muller.

Quae si se aurum Caelio commodasse non dicit, si venenum ab hoc sibi paratum esse non arguit, petulanter facimus, si matrem familias secus, quam matronarum sanctitas postulat, nominamus.

Pois se ela non di que lle prestou diñeiro a Celio, se non denuncia que o veneno estaba preparado por este para ela, procedemos con exceso de celo, nomeando a unha nai de familia, sen ter en conta o que esixe a respetabilidade das matronas romanas.

Sin ista muliere remota nec crimen ullum nec opes ad oppugnandum Caelium illis relinquuntur, quid est aliud quod nos patroni facere debeamus, nisi ut eos, qui insectantur, repellamus?

Mais se, apartada esta muller, non lles queda ningún delicto nin recursos para atacar a Celio, que outra cousa deberíamos facer nós, como avogados defensores, senón refutar aos que atacan?

Quod quidem facerem vehementius, nisi intercederent mihi inimicitiae cum istius mulieris viro—fratre volui dicere; semper hic erro.

Cousa que sen dúbida faría coa maior vehemencia, se non se interpuxese a inimizade que teño co home desa muller - irmán, quixen dicir; sempre me equivoco neste punto -

Nunc agam modice nec longius progrediar quam me mea fides et causa ipsa coget.

Ahora procederei con moderación, e non irei máis lonxe do que me obriga a miña lealdade e a propia causa.

Neque enim muliebres umquam inimicitias mihi gerendas putavi, praesertim cum ea quam omnes semper amicam omnium potius quam cuiusquam inimicam putaverunt.

Pois nunca considerei que as mulleres deban espertar en min sentimentos de inimizade, sobre todo esta, á que todo o mundo considerou sempre máis amiga de todos que inimiga de algún.

[33] Sed tamen ex ipsa quaeram prius utrum me secum severe et graviter et prisce agere malit an remisse et leniter et urbane.

Porén, antes preguntareille a ela mesma se prefire que proceda á antiga, con severidade e gravidade, ou que rebaixe o ton, e vaia con calma e educación.

Si illo austero more ac modo, aliquis mihi ab inferis excitandus est ex barbatis illis non hac barbula, qua ista delectatur, sed illa horrida, quam in statuis antiquis atque imaginibus videmus, qui obiurget mulierem et pro me loquatur, ne mihi ista forte suscenseat.

Se o fago seguindo aquel austero procedemento acostumado, terá que ser invocado por min algún home do inframundo de entre os que teñen barba, non esta barbiña que tanto lle gusta a esa, senón aquela barba crecha que vemos nas estatuas e imaxes antigas, para que acuse á muller e fale por min, non vaia a ser que esa se enfade comigo.

Exsistat igitur ex hac ipsa familia aliquis ac potissimum Caecus ille; minimum enim dolorem capiet, qui istam non videbit. [...]

Así pois, que se manifeste algún home de esta mesma familia, e quen mellor que aquel Cego; pois pouca pena pode sufrir o que non a vai ver.

Tacitus - Germania 22-24

[22] Statim e somno, quem plerumque in diem extrahunt, lavantur, saepius calida, ut apud quos plurimum hiems occupat.

Lávanse xusto ao saír do sono, que prolongan ata ben entrado o día, ás máis das veces con auga quente, como é normal entre os que teñen tan longos invernos.

Lauti cibum capiunt: separatae singulis sedes et sua cuique mensa.

Xa lavados toman alimento: con asentos separados para cada un, e a súa propia mesa.

Tum ad negotia nec minus saepe ad convivia procedunt armati.

Entón, armados, van a atender os seus asuntos, e non con menor frecuencia acoden así tamén aos banquetes.

Diem noctemque continuare potando nulli probrum.

Nón é motivo de vergonza para ninguén beber sen parar día e noite.

Crebrae, ut inter vinolentos, rixae raro conviciis, saepius caede et vulneribus transiguntur.

As liortas, frecuentes, como sucede sempre entre bebedores, rara vez rematan en insultos, senón a maioría das veces con mortos e feridos.

Sed et de reconciliandis in vicem inimicis et iungendis adfinitatibus et adsciscendis principibus, de pace denique ac bello plerumque in conviviis consultant,

Pero tamén nos banquetes deliberan a miúdo sobre a reconciliación de inimigos e o establecemento de alianzas familiares e elección de xefes, e sobre a paz e a guerra,

tamquam nullo magis tempore aut ad simplices cogitationes pateat animus aut ad magnas incalescat.

pois non hai ningún outro momento onde os ánimos se abran máis nas reflexións sinceiras ou se quenten nas importantes.

Gens non astuta nec callida aperit adhuc secreta pectoris licentia ioci; ergo detecta et nuda omnium mens.

Xente sen malicia, non taimada, abre aínda máis os secretos do seu corazón debido ao ambiente relaxado do momento; así, as mentes de todos quedan núas, ao descuberto.

Postera die retractatur, et salva utriusque temporis ratio est: deliberant, dum fingere nesciunt, constituunt, dum errare non possunt.

E ao día seguinte vólvese outra vez, e respéctanse os argumentos de cada intervención: deliberan, cando non saben finxir, deciden, cando non poden errar.

[23] Potui umor ex hordeo aut frumento, in quandam

Bébese entre eles unha beberaxe feita a partir da cebada e o trigo, similitudinem vini corruptus: proximi ripae et vinum mercantur.

que garda certa similitude co viño ao fermentar; os que viven nas ribeiras tamén mercan viño.

Cibi simplices, agrestia poma, recens fera aut lac concretum:

Teñen unha alimentación simple: froitos silvestres, caza fresca ou leite callado:

sine apparatu, sine blandimentis expellunt famem. Adversus sitim non eadem temperantia.

quitan a fame sen grandes preparativos, sen refinamentos. Contra a sede non amosan a mesma temperanza.

Si indulseris ebrietati suggerendo quantum concupiscunt, haud minus facile vitiis quam armis vincentur.

Se favoreces a súa embriaguez proporcionándolles o que desexan, serán vencidos non menos facilmente cos seus vicios que coas armas.

[24] Genus spectaculorum unum atque in omni coetu idem.

Teñen un só tipo de espectáculos, o mesmo en todas as xuntanzas.

Nudi iuvenes, quibus id ludicrum est, inter gladios se atque infestas frameas saltu iaciunt.

Xoves nús, para os que isto constitúe motivo de diversión, bótanse dun chimpo entre espadas e lanzas en alto.

Exercitatio artem paravit, ars decorem, non in quaestum tamen aut mercedem: quamvis audacis lasciviae pretium est voluptas spectantium.

O adestramento proporcionoulles técnica, a técnica, beleza, non o fan por afán de lucro ou recompensa: e aínda que temerario, o premio deste xogo é o pracer dos espectadores.

Aleam, quod mirere, sobrii inter seria exercent, tanta lucrandi perdendive temeritate, ut, cum omnia defecerunt, extremo ac novissimo iactu de libertate ac de corpore contendant. [...]

Practican os xogos de azar, algo que te sorprendería, sobrios e tomándoo moi en serio, e con tanta temeridade á hora de gañar ou perder que, cando xa perderon todo o que xogaban, apostan a súa liberdade e a súa persoa, nunha desesperada e derradeira xogada.

Vergilius - AENEIS - Liber IV

Interea magno misceri murmure caelum 160

Mentres tanto o ceo empeza a turbarse con grande estrondo,

incipit, insequitur commixta grandine nimbus,

ségelle unha chuvieira acompañada de saraiba,

et Tyrii comites passim et Troiana iuventus

e por todas partes os compañeiros tirios e a xuventude troiana

Dardaniusque nepos Veneris diversa per agros

e o neto dardanio de Venus buscaron temerosos refuxios diversos

tecta metu petiere; ruunt de montibus amnes.

polos campos; dos montes baixan torrentes.

speluncam Dido dux et Troianus eandem 165

Dido e o xefe troiano dan en chegar á mesma espenuca.

deveniunt. prima et Tellus et pronuba Iuno

A Terram, a primeira, e Xuno, protectora do matrimonio, dan o sinal;

dant signum; fulsere ignes et conscius aether

brillaron os lóstregos e o firmamento, cómplice destas nupcias,

conubiis summoque ulularunt vertice Nymphae.

e oubearon as Ninfas dende o seu alto cumio.

ille dies primus leti primusque malorum

Aquel primeiro día foi a causa da súa morte, o primeiro día foi a causa

causa fuit; neque enim specie famave movetur 170

dos seus males. E xa Dido non se preocupa polas apariencias nin pola súa reputación;

nec iam furtivum Dido meditatur amorem:

xa non pensa no seu amor coma nun amor furtivo:

coniugium vocat, hoc praetexit nomine culpam.

chámalle matrimonio, con este nome oculta a súa culpa.

Extemplo Libyae magnas it Fama per urbes,

Inmediatamente a Fama vai polas grandes cidades da Libia,

Fama, malum qua non aliud velocius ullum:

a Fama, ningún outro mal hai máis veloz que ela:

mobilitate viget virisque adquirit eundo, 175

medra co movemento e toma forzas ao andar,

parva metu primo, mox sese attollit in auras

pequena primeiro polo medo, axiña elévase polo aire

ingrediturque solo et caput inter nubila condit.

e sepárase do solo, e esconde a cabeza entre as nubes.

illam Terra parens ira inritata deorum

a esta, a Terra, a súa nai, chea de ira contra os deuses,

extremam, ut perhibent, Coeo Enceladoque sororem

pariuna de última, como contan, tras os seus irmáns Ceo e Encelado,

progenuit pedibus celerem et perniciousibus alis, 180

rápida de pes e con veloces ás,

monstrum horrendum, ingens, cui quot sunt corpore plumae,

monstro horrendo, enorme, con tantas plumas no corpo

tot vigiles oculi subter (mirabile dictu),

como ollos vixiantes debaixo (algo digno de contarse!)

tot linguae, totidem ora sonant, tot subrigit auris.

e outras tantas linguas, e outras tantas bocas emiten os seus sons, e ergue outras tantas orellas.

nocte volat caeli medio terraeque per umbram

Pola noite voa entre o ceo e a terra, chiando na escuridade,

stridens, nec dulci declinat lumina somno; 185

e non baixa as capelas dos seus ollos polo dulce sono;

luce sedet custos aut summi culmine tecti

Polo día senta vixiante nun pazo, no cumio do tellado,

turribus aut altis, et magnas territat urbes,

ou no alto da súas torres, e aterroriza ás grandes cidades

tam ficti pravique tenax quam nuntia veri.[...]

mensaxeira tenaz tanto do finxido e do falso como do verdadeiro.

Ovidius - Remedia amoris (579-642)

Quisquis amas, loca sola nocent, loca sola caveto!

Ti, quen queira que sexas, que estás namorado, os lugares solitarios fan dano, evita os lugares solitarios!

Quo fugis? in populo tutior esse potes. 580

A onde foxes? entre a xente poderás estar máis seguro.

Non tibi secretis (augent secreta furores)

Non necesitas escondedoiros secretos (os escondedoiros fan medrar as paixóns):

Est opus: auxilio turba futura tibi est.

unha morea de xente seráche de gran axuda.

Tristis eris, si solus eris, dominaeque relictæ

Estarás triste se estás só, e a imaxe da dona que deixaches

Ante oculos facies stabit, ut ipsa, tuos.

plantaráse diante dos teus ollos, como se fose real.

Tristior idcirco nox est quam tempora Phoebi;

585

Por isto a noite é máis triste que o tempo de Febo;

Quæ relevet luctus, turba sodalis abest.

Falta unha morea de amigos, que alivie o loito.

Nec fuge conloquium, nec sit tibi ianua clausa,

Non escapes das conversas, nin teñas pechada a porta,

Nec tenebris vultus flebilis abde tuos.

nin ocultes as bágoas do teu rostro na escuridade da noite.

Semper habe Pyladen aliquem, qui curet Oresten:

Ten sempre a un Píades, que coide do seu Orestes:

Hic quoque amicitiae non levis usus erit.

590

Non será de pouca importancia aquí o uso da amizade.

Quid, nisi secretæ laeserunt Phyllida silvæ?

Que lle fixo mal a Filis, senón os apartados montes?

Certa necis causa est: incommitata fuit.

A causa da súa morte está clara: non estivo acompañada.

Ibat, ut Edono referens trieterica Baccho

Ía, como soe ir a bárbara tropa cando celebra

Ire solet fuis barbara turba comis,

as festas trienais en honor a Baco Edono coas melenas soltas,

Et modo, qua poterat, longum spectabat in aequor, 595

E ás veces, por onde podía, miraba ao vasto mar,

Nunc in harenosa lassa iacebat humo.

e outras deitábase agotada no areoso chan.

'Perfide Demophoon!' surdas clamabat ad undas,

Pérfido Demofón! berraba ás xordas ondas,

Ruptaque singultu verba loquentis erant.

E as súas palabras rompíanse en rumorosos saloucos.

Limes erat tenuis longa subnubilus umbra,

Había unha estreita corredoiira, escura entre longas sombras,

Quo tulit illa suos ad mare saepe pedes. 600

por onde ela a miúdo dirixía os seus pasos ao mar.

Nona terebatur miserae via: 'viderit!' inquit,

E a novena vez que a senda era pisada pola desdichada, dixo: "se se houbese dado conta!"

Et spectat zonam pallida facta suam,

E observa, pálida, o seu cinguidor,

Aspicit et ramos; dubitat, refugitque quod audet

Mira tamén ás pólas; dubida, e bótase atrás do seu intento,

Et timet, et digitos ad sua colla refert.

E ten medo, e volve os dedos ao seu pescozo.

Sithoni, tum certe vellem non sola fuisses: 605

Filla de Sitón, certo é que o que eu quería era que non houbeses estado soa:

Non flessset positis Phyllida silva comis.

Non houbese chorado a Filis o bosque, deixando caer as súas follas,

Phyllidis exemplo nimium secreta timete,

Tras o exemplo de Filis, temede os lugares demasiado apartados,

Laese vir a domina, laesa puella viro. [...]

home ferido pola túa dona, rapaza ferida polo teu home.